

Ficha didáctica 1

1º Ciclo de Educación Primaria

Xoga con nós!

Coñeces tódolos animais e plantas dos debuxos? Todos viven no mesmo lugar: o mar. As gaiivotas comen peixes, luras e estrelas de mar. As estrelas de mar comen vieiras. Tamén comen ameixas, berberechos, mexillóns...

Todos son necesarios. Cando un falta, os demais bótano de menos.

Como construír o dado dos seres vivos do mar?

Imprime esta ficha.

Logo pinta os animais e plantas coas cores que máis che gusten. Utiliza as tesoiras para cortar con coidado pola liña negra. A continuación, dobra o papel pola liña de puntos. Pega despois as pestanas formando o cubo. (Pide axuda, se a precisas, a unha persoa maior).



A xogar

Lanza o cubo.

Mira que ser mariño tocou e trata de contestar ás seguintes preguntas:

1. Que come ese ser vivo?
2. Quen come a ese ser vivo?

Xoga cos teus amigos e compañeiros e aprendede entre todos como viven estes amigos do mar.